

## ACTA DA SESIÓN DO PLENO DA CORPORACIÓN

SESIÓN: extraordinaria urxente

NÚMERO: 2019/16

DATA: xoves 7 de novembro de 2019

LUGAR: Casa do Concello

HORA DE COMEZO: 18:30 h

HORA DE REMATE: 18:40 h

PRESIDE ADOLFO FRANCISCO MUIÑOS SANCHEZ

SECRETARÍA MONICA PICHEL GARCIA, que redacta esta acta.

### ASISTEN

BNG  
ADELINA CES QUINTANS  
RAQUEL GARCIA ABUIN  
TOBIAS BETANZOS REGO  
XUSTO XOSE ORDOÑEZ FIGUEIRA  
PSdeG-PSOE  
MARIA DEL CARMEN FIGUEIRA ARES  
FRANCISCO JAVIER GARCIA ARES  
ROSA ANA GARCIA FIGUEIRA  
MARIA JOSE TEMBRA MUÑIZ

### AUSENTES

BNG  
HADRIANA ORDOÑEZ OTERO  
PP  
GERMAN ALLUT VIDAL  
FRANCISCO RUBIO VICENTE  
MARIANO MOARES RIAL  
ALICIA CAROU ROMERO  
Rianxo en Común-SON  
JULIAN BUSTELO ABUIN  
JULIO ALCALDE HERMO  
Ciudadanos  
SARA MARIA RESUA PATIÑO

### ORDE DO DÍA

1. Ratificación da urxencia da sesión Plenaria Extraordinaria Urxente do día 7-novembro-2019
2. MODIFICACION OFM VENDA AMBULANTE. DERROGACIÓN.

3. Aprobar o proxecto modificado do 28/10/2019 MELLORA DA ENVOLVENTE DO PAVILLÓN CUBERTO DO COLEXIO CEP XOSÉ M<sup>a</sup> BREA SEGADE DE TARAGOÑA, EN RIANXO (POS + PLAN ADICONAL 2)

#### DELIBERACIÓNS

As intervencións desta sesión están incorporadas á acta multimedia que consta no expediente electrónico con número 2019/G010/000016 e identificado pola pegada dixital:

**17e7b4e825a5f411d3f899dbdd049e311e9c52ba1294bcf683a5482dfcbe010f**

O vídeo gravado durante a sesión do que se extraeu o son incorporado ao expediente está, asemade, dispoñible para o público na URL:

**<https://www.youtube.com/watch?v=jkXrVjrKRgU>**

#### ACORDOS

#### PROPOSTAS ORDINARIAS

### **1 RATIFICACIÓN DA URXENCIA DA SESIÓN PLENARIA EXTRAORDINARIA URXENTE DO DÍA 7-NOVEMBRO-2019**

Este concello ten en vigor a ordenanza núm. 21 reguladora da taxa por instalación de postos, barracas, casetas de venda, espectáculos, atraccións de recreo, situados en terreos de uso público municipal, así como industrias na rúa e ambulantes e rodaxe cinematográfica, sendo necesaria a súa derogación, en tanto non se produce o establecemento da correspondente ordenanza fiscal prevista para o ano 2020.

De acordo co requirimento da Deputación Provincial da Coruña a través da plataforma SUBTEL, onde indica : .../...O CONCELLO DEBERÁ APROBAR O PROXECTO CORRIXIDO POLO ÓRGANO COMPETENTE E VOLVELO A SUBIR INTEGRAMENTE Á PLATAFORMA.../...", e visto que o próximo pleno ordinario é o 28 de novembro de 2019, sendo necesario a Aprobación do proxecto modificado do 28/10/2019 - MELLORA DA ENVOLVENTE DO PAVILLÓN CUBERTO DO COLEXIO CEP XOSÉ M<sup>a</sup> BREA SEGADE DE TARAGOÑA, EN RIANXO - (POS + PLAN ADICONAL 2) de acordo ao requirimento da Deputación da Coruña.

A urxencia da sesión ven dada polo prazo de exposición ao público da referida derogación, que é de 30 días no BOP, polo que é necesario a aprobación definitiva da mesma antes do día 31 de decembro de 2019, e cumprir co requirimento da Deputación da Coruña da aprobación do proxecto modificado de dta 28/10/2019.

Sométese a ratificación a urxencia do pleno resultando ratificada por 9 votos a favor (5 dos

membros do grupo BNG e 4 membros do grupo PSOE) cero votos en contra e cero abstención dos 9 membros presente dos 17 que legalmente constitúen a corporación.

## **2 MODIFICACIÓN OFM VENDA AMBULANTE. DERROGACIÓN**

O concelleiro Tobias Betanzos Rego, da conta da Proposta que consta no expediente e que se transcribe a continuación:

En base á Providencia de Alcaldía de data 31/12/2019 na que se indica:

“Para o exercicio 2020 é o desexo do equipo de goberno adoptar as medidas necesarias para a gradación das tarifas esixibles á actividade xerada no mercado semanal municipal; e no senso da realidade social e económica municipal.

En base ás indicacións da Intervención e Tesouraría municipais sobre a falta de correspondencia entre a norma e a súa execución na xestión recadatoria relacionada coa taxa; tendo en conta a importancia que a permanencia do mercado tradicional ten para a vila; na constatación tamén dos limitados recursos económicos que xera esta actividade e das limitacións impostas para o exercicio da actividade reguladas na Ordenanza xeral de venda ambulante (BOP 112 13/06/2013) e o seu efecto sobre a capacidade económica das persoas que exercen a venda ambulante neste mercado tradicional, foi emitida Providencia anterior de data 22/10/2019 para a tramitación dunha modificación da Ordenanza fiscal Nº 21 reguladora da taxa por instalación de postos, barracas, casetas de venda, espectáculos, atraccións ou recreo, situados en terreo de uso público municipal, así como industrias na rúa e ambulantes e rodaxe cinematográfica, para a gradación das tarifas esixibles á actividade xerada no mercado semanal municipal.

En base aos informes da Intervención e Tesouraría municipais sobre a tramitación legalmente disposta para a aprobación da modificación proposta, é necesario incorporar ao expediente o informe técnico-económico que indique a relación entre a taxa proposta e a valoración do uso relacionado; o prazo para cumprimentar os trámites indicados para a aprobación en entrada en vigor da modificación non é acorde coa entrada en vigor a 01/01/2019.

Non sendo a intención do equipo de goberno que dende o 1 de xaneiro se apliquen as tarifas vixentes aos titulares de postos para a venda ambulante no mercado semanal, e en tanto, non se tramita a modificación indicada anteriormente que considere a gradación das taxas en favor deste colectivo sobre a venda ambulante en xeral.”

Emítese informe de conformidade pola Tesouraría e Intervención municipais.

E polo tanto, proponse á Comisión Informativa de Facenda, o ditame favorable da seguinte PROPOSTA DE ACORDO:

PRIMEIRO.- Aprobar a proposta de derogación da Ordenanza fiscal número 21 da taxa por instalación de postos, barracas, casetas de venda, espectáculos, atraccións ou recreo, situados en terreo de uso público municipal, así como industrias na rúa e ambulantes e rodaxe

cinematográfica de acordo co seguinte tenor literal:

Segundo: Someter dita ordenanza a información pública, nos termos previstos do artigo 17.1 do TRFL, dando audiencia aos interesados, mediante publicación no taboleiro de edictos do Concello, no BOP e nun dos periódicos de maior tirada da provincia.

Terceiro: De non presentarse reclamacións no prazo de exposición pública, a modificación proposta considerárase definitivamente aprobada.

Cuarto: O acordo de aprobación definitiva da derogación da ordenanza fiscal, tácito ou expreso, xunto co texto refundido íntegro da ordenanza, publicarase no taboleiro de edictos do Concello e do BOP."

#### DITAME COMISIÓN INFORMATIVA

Rematado o debate e sometida a votación a proposta da alcaldía, acórdase por unanimidade dos 7 membros presentes dos 9 que legamente que a constitúen ditaminar FAVORABLEMENTE ao Pleno Municipal o seguinte ACORDO:

##### PRIMEIRO

Aprobar a proposta de derogación da Ordenanza fiscal número 21 da taxa por instalación de postos, barracas, casetas de venda, espectáculos, atraccións ou recreo, situados en terreo de uso público municipal, así como industrias na rúa e ambulantes e rodaxe cinematográfica de acordo co seguinte tenor literal:

##### SEGUNDO

Someter dita ordenanza a información pública, nos termos previstos do artigo 17.1 do TRFL, dando audiencia aos interesados, mediante publicación no taboleiro de edictos do Concello, no BOP e nun dos periódicos de maior tirada da provincia.

##### TERCEIRO

De non presentarse reclamacións no prazo de exposición pública, a modificación proposta considerárase definitivamente aprobada.

##### CUARTO

O acordo de aprobación definitiva da derogación da ordenanza fiscal, tácito ou expreso, xunto co texto refundido íntegro da ordenanza, publicarase no taboleiro de edictos do Concello e do BOP.

Ábrese unha quenda de debate e sometese a votación

O pleno da corporación, ACORDA por unanimidade dos 9 membros presentes, dos 17 que a constitúen, APROBAR a proposta nos termos desta.

### 3 APROBAR O PROXECTO MODIFICADO DO 28/10/2019 - MELLORA DA ENVOLVENTE DO PAVILLÓN CUBERTO DO COLEXIO CEP XOSÉ M<sup>a</sup> BREA SEGADE DE TARAGOÑA, EN RIANXO - (POS + PLAN ADICIONAL 2)

O concelleiro Tobias Betanzos Rego, da conta da Proposta que consta no expediente e que se transcribe a continuación:

En data 12 de setembro de 2019 ditase a Resolución da Alcaldía nº 813/2019 e ratifícase na sesión plenaria de 26 DE SETEMBRO DE 2019, onde se aprobou

.../...

*Participar na 2ª Fase do Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) Adicional 1/2019 da Deputación Provincial da Coruña, cuxas Bases se coñecen e aceptan na súa totalidade, solicitando a aplicación do resto da maior achega provincial asignada non utilizada na 1ª Fase, aos investimentos financeiramente sostibles que se indican a continuación, e aprobar os correspondentes proxectos de obras ou pregos das subministracións:*

<b>Investimentos financeiramente sostibles 2ª Fase POS+ Adicional 1/2019</b>	<b>Financiamento dos investimentos</b>		
	<b>Deputación</b>	<b>Concello</b>	<b>Orzamento total</b>
MELLORA DA ENVOLVENTE DO PAVILLÓN CUBERTO DO COLEXIO C.E.P. XOSÉ M <sup>a</sup> BREA SEGADE DE TARAGOÑA, EN RIANXO	63.300,00€		63.300,00€
<b>TOTAL</b>	<b>63.300,00€</b>		<b>63.300,00€</b>

Maior achega provincial asignada ao concello	400.882,62
Maior achega provincial aplicada na 1ª Fase	337.496,34
Maior achega provincial aplicada na 2ª Fase	63.300,00

.../...

En data de 09.10.2019 con R.E. nº 5040 recíbese o requirimento da Deputación Provincial da Coruña, através da plataforma SUBTEL, advertindo unhas deficiencias no proxecto técnico presentado.

En data de 29.10.2019 con rexistro de entrada nº 5392 recíbese no Concello novo proxecto modificado redactado por Juan Carlos Bastos González, para segundo indica atender ao requirimento de subsnación da Deputación da Coruña.

De acordo co requirimento da Deputación Provincial da Coruña, através da plataforma SUBTEL indicando:

".../..."

O CONCELLO DEBERÁ APROBAR O PROXECTO CORRIXIDO POLO ÓRGANO COMPETENTE E VOLVELO A SUBIR INTEGRAMENTE Á PLATAFORMA. .../....”

Atendendo ao exposto, e á documentación obrante no expediente, considerando que os cambios introducidos trátanse de correccións en cuestións técnicas que non afectan á natureza e finalidade dos investimentos a realizar nin a súa valoración económica, coa presente, propónse ao Pleno do Concello a adopción do seguinte acordo:

#### PRIMEIRO

Aprobar o proxecto modificado asinado polo arquitecto Juan Carlos Bastos González do 28 de outubro de 2019 relativo a MELLORA DA ENVOLVENTE DO PAVILLÓN CUBERTO DO COLEXIO CEP XOSÉ M<sup>a</sup> BREA SEGADE DE TARAGOÑA, EN RIANXO, que foi supervisado polos servizos técnicos desta deputación.

#### SEGUNDO

Dar traslado do presente acordo á Deputación da Coruña elevando a correspondente certificación á plataforma SUBTEL.

Nembargantes o Pleno acordará o que estime pertinente.

#### DITAME COMISIÓN INFORMATIVA

Rematado o debate e sometida a votación a proposta da alcaldía, acordan unanimidade dos 7 membros presentes dos 9 que legalmente constitúen a comisión ditaminar FAVORABLEMENTE ao Pleno Municipal o seguinte ACORDO:

#### PRIMEIRO

Aprobar o proxecto modificado asinado polo arquitecto Juan Carlos Bastos González do 28 de outubro de 2019 relativo a MELLORA DA ENVOLVENTE DO PAVILLÓN CUBERTO DO COLEXIO CEP XOSÉ M<sup>a</sup> BREA SEGADE DE TARAGOÑA, EN RIANXO, que foi supervisado polos servizos técnicos desta deputación.

#### SEGUNDO

Dar traslado do presente acordo á Deputación da Coruña elevando a correspondente certificación á plataforma SUBTEL.

Ábrese unha quenda de debate e sometese a votación

Rematado o debate o pleno da corporación, ACORDA por unanimidade dos 9 membros presentes, dos 17 que a constitúen, **APROBAR a proposta** nos termos desta.

## DELIBERACIÓNS

As intervencións desta sesión están incorporadas á acta multimedia que consta no expediente electrónico con número 2019/G010/000016 e identificado pola pegada dixital:

**17e7b4e825a5f411d3f899dbdd049e311e9c52ba1294bcf683a5482dfcbe010f**

O vídeo gravado durante a sesión do que se extraeu o son incorporado ao expediente está, asemade, dispoñible para o público na URL:

**<https://www.youtube.com/watch?v=jkXrVjrKRgU>**